



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003583

RESOLUCIÓN Nº 26972/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2019-ÁREA DE ARTES PLÁSTICAS E VISUAIS

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

Por resolución da presidencia n.º 23944, do 10 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2019-Área de artes plásticas e visuais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: COSTA MOREIRA, MARCO ANTONIO

Expediente: 2019000010885

Obxecto da bolsa: Estancia de seis meses no Centro de Investigación e de estudos em belas-artes (CIEBA), en Lisboa.

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: LLORÉNS PENDÁS, LUIS

Expediente: 2019000011779

Obxecto da bolsa: Proxecto "Blurring desing" para o máster of Fine Arts- Graphic Art/Typography, na Photography Hochschule für Bildende Künste (HFBK), en Hamburgo.

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: RODRÍGUEZ MÉNDEZ, NOA

Expediente: 2019000011465

Obxecto da bolsa: Máster en Arte e Ciencia, na Central Saint Martins, University of Arts of London (UAL)

Importe da bolsa: 9.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220190014221, por importe total de 27.000 €

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Pereiro Vaello, Uxía

Suplente 2: Bermúdez Caamaño, José Luis

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.